



DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, Secretario Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DA SALA 10 DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da renovación da Sala 10 do Museo Provincial de Lugo, consta no mesmo:


1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UGLYLD77STLG4CFHVGYRBJ4.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7U4PSYDZ50JW5S2L7FAVSSCY.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7UGLYLH4JI76U4YNMDCNRVEU.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA.
5. Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VUWTCFLRK5DV2SHUQKNSVOE.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da renovación da Sala 10 do Museo Provincial de Lugo cunha duración de dez semanas, para a fabricación e preparación de todo o material, e un prazo máximo de dúas semanas para a subministración, instalación, retirada e modificación de todo o material obxecto deste contrato.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o

	IV7VUOLM3AO7LXZOYRFSODZOAM	Fecha y Hora	04/11/2024 15:22:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	REBECA GONZÁLEZ CASAR (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUOLM3AO7LXZOYRFSODZOAM	Página	1/2



contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e que permitan a contribuir a un servizo de calidade.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 62.306,00 € aos que hai que engadirlle 13.084,26€ (21%) en concepto de IVE o que ascende a un total de 75.390,26 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE,
P. D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7VUOLM3AO7LXZOYRFSODZOAM	Fecha y Hora	04/11/2024 15:22:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	REBECA GONZÁLEZ CASAR (ADMINISTRATIVO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUOLM3AO7LXZOYRFSODZOAM	Página	2/2

